



Resolución do 4 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se ditan instrucións relativas ao desenvolvemento do acordo do 28 de agosto de 2024 entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado de Galicia sobre as condicións da xubilación parcial do profesorado en pago delegado no curso 2024/2025 e seguintes.

A sinatura do acordo posibilita o acceso deste persoal á xubilación parcial nos termos nel reflectidos, e co obxecto de facilitar aos diferentes departamentos territoriais desta consellería a xestión e a tramitación dos expedientes que poidan producirse, cómpre ditar as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira. *Censo de xubilacións parciais*

1. Os centros docentes privados concertados elaborarán un censo, conforme ao modelo que figura como anexo II destas instrucións, no que indicarán a relación de persoas que previsiblemente poidan acceder á xubilación parcial ao longo do 2024, 2025, 2026, 2027, 2028 e 2029 (neste caso ata 31.08.2029).

2. O dito censo, que terá efectos informativos e de previsión orzamentaria no correspondente exercicio, deberá remitirse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ao longo do mes de xaneiro de cada ano.

No caso do exercicio 2024 esa previsión deberá achegarse no mes de setembro.

Segunda. *Presentación de solicitudes de xubilación parcial e comunicación*

1. O persoal docente que, no marco do acordo sobre xubilación parcial e da normativa de referencia, pretenda acceder á xubilación parcial, previamente á presentación da solicitude ante a entidade xestora, deberá presentar no seu centro de traballo a solicitude de xubilación parcial (anexo I destas instrucións) xunto coa seguinte documentación:

a) O contrato de traballo de duración indefinida a xornada completa (25 horas lectivas semanais) en pago delegado.

b) informe de vida laboral.

2. O día seguinte á presentación desta solicitude, a titularidade do centro remitirá esta e a documentación indicada ao departamento territorial da consellería competente en materia de educación.

3. O departamento territorial comprobará a permanencia do/a solicitante con xornada completa en pago delegado durante un período mínimo de 6 anos ininterrompidos e inmediatamente anteriores á data de inicio da xubilación parcial e, así mesmo, que a redución da xornada lectiva do xubilado parcial e a conseguinte distribución entre o novo contrato a tempo parcial e o





contrato de relevo acaden a xornada lectiva completa de 25 horas semanais, de acordo co seguinte cadro:

Porcentaxe de redución (entre o 25 e o 50%)	Número de horas da xornada	
	Contrato a tempo parcial	Contrato de relevo*
25% (6,25)	18	7
26% (6,5)	18	7
27% (6,75)	18	7
28% (7)	18	7
29% (7,25)	17	8
30% (7,5)	17	8
31% (7,75)	17	8
32% (8)	17	8
33% (8,25)	16	9
34% (8,5)	16	9
35% (8,75)	16	9
36% (9)	16	9
37% (9,25)	15	10
38% (9,5)	15	10
39% (9,75)	15	10
40% (10)	15	10
41% (10,25)	14	11
42% (10,50)	14	11
43% (10,75)	14	11
44% (11)	14	11
45% (11,25)	13	12
46% (11,5)	13	12
47% (11,75)	13	12
48% (12)	13	12
49% (12,25)	13	12
50% (12,5)	13	12

*A natureza do servizo docente implica o axuste do número de horas de redución en todas as porcentaxes a un número enteiro, que en todos os casos se axusta ao superior, agás no caso de redución do 49 e o 50% xa xornada, que se fixa en 12 horas para non superar a porcentaxe máxima.

4. Así mesmo, como o tempo mínimo de permanencia na xubilación parcial é de 1 ano dende a data de inicio, a solicitude do anexo I debe presentarse coa antelación suficiente.





5. Se o departamento territorial constata que se cumpren os requisitos para estar incluído no ámbito de aplicación do presente acordo de xubilación parcial, comunicará esta circunstancia ao centro docente nos 10 días hábiles seguintes á recepción do anexo I.

Terceira. Resolución de xubilación parcial: formalización do contrato de traballo a tempo parcial e do contrato de relevo

1. Cando a entidade xestora da Seguridade Social recoñecese o dereito á xubilación parcial, a titularidade do centro remitirá ao departamento territorial correspondente: a resolución da xubilación parcial, o contrato de traballo a tempo parcial formalizado co persoal docente parcialmente xubilado e o contrato de relevo; así mesmo, se o relevista non procede da bolsa de recolocación, achegará unha declaración responsable de tela consultado.

2. En caso de detectar algunha deficiencia na documentación presentada ou se esta está incompleta, o departamento territorial correspondente comunicarlle esta circunstancia á titularidade do centro para que emende ou complete o expediente á maior brevidade posible.

3. Á vista do expediente completo e feitas as comprobacións oportunas, o departamento territorial incluírá no réxime de pago delegado ao xubilado parcial e ao relevista.

Cuarta. Extinción da pensión de xubilación parcial e comunicación

1. A extinción da pensión de xubilación parcial ao acadar ao traballador xubilado parcialmente a idade de xubilación ordinaria prevista no artigo 205.1a) do Texto refundido la Lei xeral da Seguridade Social ou a extinción polas demais causas previstas na súa normativa específica, implica a extinción da súa relación laboral e, en consecuencia, a extinción da obriga da Administración de aboar en pago delegado as retribucións e cotizacións á Seguridade Social correspondentes.

2. A titularidade do centro docente privado concertado comunicará a extinción da pensión de xubilación parcial ao departamento territorial correspondente cunha antelación de 2 meses; e cando a extinción se deba a unha circunstancia sobrevida, en canto teña coñecemento desta.

Santiago de Compostela,
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

